

CONVOCATORIA 2023-2024 DE PROBAS DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIA LINGÜÍSTICA (PCL) NIVEIS B1, B2 e C1 SEGUNDO O MARCO EUROPEO COMÚN DE REFERENCIA PARA AS LINGUAS (MECRL)

A USC en aplicación do *Acordo sobre o recoñecemento de idiomas no título de grao*, aprobado no Consello de Goberno de 28 de maio de 2019, convoca a través do Centro de Linguas Modernas (CLM), probas para a acreditación do coñecemento de idioma nos niveis B1, B2 e C1.

As convocatorias do programa de mobilidade Erasmus+ e outras esixen que o alumnado acredite o dominio da lingua do país de destino (ou da lingua de uso na universidade ou nos estudos que elixa) nun nivel B1 ou B2. A USC, no seu esforzo por potenciar a mobilidade de toda a comunidade universitaria, en especial da estudiantil, e de facer dela unha posibilidade de aprendizaxe persoal e académica de alta calidade e de mellora da empregabilidade, necesita garantir que o estudantado vaia realizar a estadía na universidade de destino coa capacidade de enfrontarse á docencia e ás avaliacións coas suficientes garantías de éxito.

O alumnado dos países que non teñen como lingua oficial o castelán ou portugués e que desexen cursar estudos de Grao no curso 2023-2024 na USC, ou estudos de Máster con este requisito de acceso, deberá acreditar o coñecemento da Lingua Española ou Galega mediante o título de nivel B1 ou B2 do MECRL, segundo o caso.

Do mesmo xeito, distintos procesos selectivos na USC esixen que as persoas candidatas acrediten o dominio do idioma do país ou dunha lingua estranxeira.

Para acreditar o coñecemento do idioma nun nivel B1, B2 ou C1, segundo cada caso, sexa para a mobilidade, sexa para outra finalidade, abonda con que segundo a finalidade concreta os membros da comunidade universitaria da USC:

- Superen un dos cursos que acreditan o nivel B1, B2 ou C1 e son impartidos polo Centro de Linguas Modernas (CLM) da USC, aplicando o *Acordo sobre o recoñecemento de idiomas no título de grao*, aprobado no Consello de Goberno de 28 de maio de 2019 e as súas actualizacións correspondentes.
- Superen unha das probas externas organizadas na USC (CILS, DELE, SIELE, DELF, GOETHE ZERTIFIKAT e outras).
- Acheguen unha das certificacións doutras probas listadas na web do CLM da USC realizadas fóra da USC e avaladas pola normativa vixente.

Para quen non teña realizados os cursos adecuados e/ou non posúa ningún dos certificados recoñecidos, a USC convoca probas de acreditación de competencia lingüística (PCL).

Coa finalidade de simplificar o proceso de avaliación, para ampliar as posibilidades do alumnado de examinarse e para evitar a masificación, as probas de alemán, francés, inglés, italiano e portugués constan de dúas partes. A primeira parte (exame B1-A, B2-A, C1-A) habilita a todas aquelas persoas que a superen para realizar estadias de mobilidade en programas de intercambio da USC (Erasmus+, Intercambio bilateral e outros) sen necesidade de presentarse á segunda parte da proba (exame B1-B, B2-B, C1-B). Os exames B1-B, B2-B e C1-B conclúen o proceso de acreditación do nivel B1, B2 e C1 na USC; quen o supere poderá acreditar ante a USC, e ante calquera outra institución que o recoñeza, o coñecemento da lingua correspondente ao nivel B1, B2 ou C1 segundo o MECRL tamén para os efectos de formalizar a matrícula nun Máster da USC que así o precise.

As probas de competencia lingüística B1 e B2 de galego e de español constan de 4 partes coa matrícula unificada.

Pola presente convócanse, para o curso académico 2023-2024, as **Probas de acreditación da competencia lingüística do nivel B1, B2 e C1** segundo ás seguintes

BASES

Primeira. Estructuras das probas de alemán, francés, inglés, italiano e portugués.

1.1. Estructura das probas B1 (B1-A + B1-B)

Para acreditar o nivel B1 a través desta convocatoria, o alumnado deberá superar os dous exames independentes que conforman as dúas partes, o exame B1-A e o exame B1-B. Estes dous exames son claramente diferenciados, independentes e realizaranse en días distintos.

- a) A primeira parte da proba, o exame B1-A, avaliará fundamentalmente a comprensión escrita e oral e os coñecementos de gramática e léxico.
- b) Aquelas persoas que aproben o primeiro exame B1-A poderán realizar a segunda parte da proba, o exame B1-B, que avaliará fundamentalmente a expresión escrita e oral.
- c) A duración da proba escrita non excederá 140 minutos e poderá contar cunha pausa de 15 minutos entre algunhas das partes.

Para calquera dos idiomas, avalía as seguintes destrezas: comprensión oral, comprensión escrita, vocabulario e gramática, así como a expresión escrita no caso de inglés, alemán e español.

Expresión e interacción oral: o **exame oral B1-B** poderá realizarse ben individualmente ou ben en parellas, e poderá constar de dúas partes:

- Preguntas de carácter persoal, presentación sobre un mesmo ou unha mesma, comentario por parte da persoa candidata dun tema suxerido pola(s) persoa(s) examinadora(s) ou en interacción coa outra candidata examinada.
- Desenvolvemento de comunicación oral a través de soportes textuais (textos breves) ou visuais (debuxos, fotografías ou gráficos asociados a títulos de prensa).

A duración do exame oral non excederá os 15 minutos. O exame oral B1-B poderá ser gravado en formato audio.

Avalía a destreza de expresión oral de todos os idiomas, xunto coa expresión escrita

1.2. Estrutura e formato das probas B2 (B2-A + B2-B) de alemán, francés, inglés, italiano e portugués.

Para acreditar o nivel B2 a través desta convocatoria, o alumnado deberá superar os dous exames que conforman as dúas partes da proba B2, o exame escrito B2-A e o exame oral B2-B. Estes dous exames están claramente diferenciados, son independentes e realizaranse en días distintos. Para poder presentarse ao exame oral B2-B no CLM, é requisito indispensable ter superado o exame escrito B2-A.

1.2.1. Exames escritos B2-A (alemán, francés, inglés, italiano, portugués)

A primeira parte da proba, o exame escrito B2-A avaliará as destrezas de comprensión lectora e auditiva, así como a expresión e interacción escrita.

A duración da proba escrita non excederá 170 minutos e poderá contar cunha pausa de 15 minutos entre algunhas das partes.

Comprensión auditiva: escoitaranse dúas veces un ou varios documentos gravados, en forma de diálogos, descrições ou narracións e contestaranse a continuación varias preguntas. Os documentos poderán ser auténticos ou adaptados. O número máximo de ítems será de 20. As preguntas poderán presentar os formatos seguintes: tipo test, verdadeiro/falso, transformación de oracións, encher ocos, preguntas de comprensión e outros.

Esta parte terá unha duración de 30 minutos como máximo.

Comprensión lectora: haberá que ler un ou varios textos cun máximo de 800 palabras en total, de vocabulario non técnico e a continuación haberá que responder varias

preguntas. Poderá incluír as seguintes estratexias de lectura: comprender a idea principal e as secundarias, identificar e comprender detalles relevantes e comprender argumentos e instrucións. O número máximo de ítems será de 30. As preguntas poderán presentar os formatos seguintes: tipo test, verdadeiro/falso, transformación de oracións, encher ocos, preguntas de comprensión e outros.

Expresión e interacción escrita: as persoas candidatas poderán ter que escribir unha ou varias composicións curtas (mínimo 200 e máximo 400 palabras) sobre temas xerais (escritura creativa) así como cartas persoais que describan experiencias e impresións (correspondencia). Tamén se poderá dar un texto para que sexa completado coa palabra ou expresión axeitada de acordo co contexto, ou reformular frases ou expresións.

1.2.2. Exames orais B2-B (alemán, francés, inglés, italiano, portugués)

Aquelas persoas que superen o primeiro **exame escrito B2-A** poderán realizar a segunda parte da proba, o **exame oral B2-B** que avaliará a expresión e interacción oral.

Expresión e interacción oral: o **exame oral B2-B** poderá realizarse ben individualmente ou ben en parellas, e poderá constar de dúas partes:

- Preguntas de carácter persoal, presentación sobre un mesmo ou unha mesma, comentario por parte da persoa candidata dun tema suxerido pola(s) persoa(s) examinadora(s) ou en interacción coa outra candidata examinada.
- Desenvolvemento de comunicación oral a través de soportes textuais (textos breves) ou visuais (debuxos, fotografías ou gráficos asociados a títulos de prensa).

A duración do exame oral non excederá os 20 minutos. O exame oral B2-B poderá ser gravado en formato audio.

1.3. Estrutura e formato das probas C1 (C1-A + C1-B) de inglés

1.3.1. Exames escritos C1-A de inglés

- **Comprensión auditiva (escoitar):** escoitaranse dúas veces dous diálogos, descrições ou narracións e contestarán a continuación algunhas preguntas. O número máximo de ítems será de 20. As preguntas poderán presentar os formatos seguintes: tipo test, verdadeiro/falso, transformación de oracións, encher ocos, preguntas de comprensión, etc.
- **Comprensión lectora (ler):** leranse dous textos de vocabulario non técnico e a continuación responderán varias preguntas. Poderá incluír as seguintes microdestrezas: comprender a idea principal e as secundarias, identificar e comprender detalles relevantes e comprender argumentos e instrucións. O número máximo de ítems será de 20. As preguntas poderán presentar os formatos seguintes: tipo test, verdadeiro/falso, transformación de oracións, encher ocos, preguntas de comprensión, etc.
- **Producción escrita (escribir):** desenvolveráanse transformacións de oracións mantendo o significado do texto orixinal. Tamén se lles dará un texto para que o completen coa palabra ou expresión axeitada de acordo co contexto. O número máximo de ítems será de 20.

A duración do exame C1-A non excederá 2h e 30 minutos.

Para acadar a cualificación de APTO haberá que superar o 50% en cada unha das destrezas. Si se aproba esta primeira parte escrita, terá que realizarse unha proba oral.

1.3.2. Exames orais C1-B de inglés

Producción oral (falar): a proba oral realizarase en parellas e haberá dous examinadores/as. Poderá constar de 4 partes:

- Preguntas de carácter xeral e persoal desenvolvidas de xeito interactivo entre os dous candidatos/as.
- Desenvolvemento de comunicación oral a través de soportes visuais (debuxos, fotografías ou gráficos asociados a títulos de prensa).
- Desenvolvemento de comunicación oral baseada nun texto que servirá como punto de partida para unha conversa breve entre os/as examinandos/as.

- Preguntas de carácter xeral plantexadas polos examinadores relativas ás cuestións debatidas na parte anterior.

A duración do exame C1-B non excederá 20 minutos. O exame oral C1-B poderá ser gravado en formato audio.

1.4. PROBAS B1 de español e galego

- **Proba de comprensión lectora.** 3 tarefas de comprensión lectora: 1 tarefa cun texto con preguntas de comprensión, de elección múltiple; 1 tarefa con varios textos para relacionar e 1 tarefa cun texto con ocós, con preguntas de elección múltiple de gramática e vocabulario.
- **Proba de comprensión auditiva.** 3 tarefas de comprensión auditiva: 1 tarefa con audicións curtas -mensaxes, anuncios ou noticias- e preguntas de elección múltiple, 1 tarefa cun texto expositivo máis longo con preguntas de elección múltiple e 1 tarefa cunha conversa para relacionar quen dixo que.
- **Proba de expresión escrita.** 2 tarefas de expresión escrita: 1 tarefa na que se contesta a un correo electrónico e 1 tarefa -con dúas opcións- para escribir un texto nun blog ou foro.

Duración aproximada das tres probas escritas: 3 horas.

- **Proba de expresión oral.** 2 tarefas de expresión oral: 1 tarefa con dúas opcións na que se fará unha exposición sobre un tema preparado previamente e 1 tarefa na que se conversará co entrevistador sobre ese tema.

Duración da proba oral: 15 minutos de preparación + 10/15 minutos de exame oral.

1.5. PROBAS B2 de español e galego

- **Proba de comprensión lectora.** 3 tarefas de comprensión lectora: 1 tarefa cun texto con preguntas de comprensión, de elección múltiple; 1 tarefa con varios

textos para relacionar e 1 tarefa cun texto con ocos, con preguntas de elección múltiple de gramática e vocabulario.

- **Proba de comprensión auditiva.** 3 tarefas de comprensión auditiva: 1 tarefa con conversas breves e preguntas de elección múltiple, 1 tarefa cun texto expositivo máis longo e preguntas de elección múltiple e 1 tarefa cunha conversa para relacionar quen dixo que.
- **Proba de expresión escrita.** 2 tarefas de expresión escrita: 1 tarefa na que se escribirá unha carta relacionada cunha audición previa e 1 tarefa -con dúas opcións- para escribir un texto nun blog, foro, xornal ou revista.

Duración aproximada das tres probas escritas: 3 horas e media.

- **Proba de expresión oral.** 2 tarefas de expresión oral: 1 tarefa con dúas opcións na que se fará unha valoración sobre unhas propostas preparadas previamente e unha conversa co entrevistador sobre o tema, e 1 tarefa na que se describirá unha situación imaxinada a partir dunha fotografía e se conversará sobre ela.

Duración da proba oral: 15 minutos de preparación + 15/20 minutos de exame oral.

1.6. Documentación identificativa para a realización das probas

- As persoas que realicen as probas deberán acreditarse cun documento oficial con fotografía, tanto no exame escrito como no exame oral. Ademais, no exame escrito deberán escribir o seu nome, asinar e indicar o seu DNI ou o número do seu pasaporte nun formulario de control que se pasará ben ao principio ben ao final do exame. Non serán cualificadas aquelas persoas que non fagan constar os seus datos no impreso de control.
- As persoas candidatas que por razóns alleas a elas mesmas non figurasen na listaxe das persoas matriculadas terán que demostrar a existencia da súa matrícula formalizada mediante un resgardo do banco ou similar que será revisado polas persoas examinadoras.

Segunda. Persoas destinatarias e procedemento de solicitudes

2.1. As probas están abertas a toda a comunidade universitaria da USC e a persoas externas.

2.2. O estudiantado, PAS e PDI da USC do Campus Lugo presentaranse preferentemente ás probas en dito campus e o estudiantado, PAS e PDI da USC do campus Santiago presentaranse preferentemente neste último.

2.3. Para conseguir a aprobación, cada persoa poderá presentarse ata catro veces á parte B1-A, B2-A ou C1-A e catro veces á parte B1-B, B2-B ou C1-B da mesma lingua. Poderá presentarse ás probas de ata catro linguas distintas.

2.4. Estas probas e cada exame destas serán avaliados coas notas APTO / NON APTO / NON PRESENTADO.

2.5. A persoa que acade o resultado APTO no exame tipo A de alemán, francés, italiano, inglés e portugués poderá concluír o proceso de acreditación coa superación da segunda parte da proba, o exame tipo B do mesmo nivel e idioma.

Terceira. Matrícula e número de prazas.

3.1. A matrícula realizarase por internet a través da Secretaría Virtual (SV), de xeito que os datos persoais e académicos serán recollidos automaticamente. As indicacións sobre como matricularse están no ANEXO II.

No momento de matricularse, a candidata ou o candidato deberá indicar o campus no que quere facer a proba (Santiago ou Lugo), a lingua na que se quere examinar e a clase do exame ao que se vai presentar (exame B1-A, B2-A de alemán, francés, inglés, italiano, portugués) ou (exame B1-B, B2-B de alemán, francés, inglés, italiano, portugués), de C1-A ou C1-B de inglés ou de B1 ou B2 de galego ou de español. No caso de alemán, francés, inglés, italiano e portugués, se non ten aprobado o exame B1-A, B2-A ou C1-A, a dita aplicación non lle deixará matricularse no exame B1-B, B2-B ou C1-

B. Os exames B1 e B2 de galego e de español teñen unha matrícula.

3.2. Así mesmo, no momento de matricularse, a alumna ou o alumno poderá realizar o pago con tarxeta seguindo as indicacións da plataforma de pago ou imprimir a folia de liquidación dos prezos sempre e cando faga o abono na entidade bancaria correspondente.

3.3. Soamente poderá realizar os exames aquel alumnado que se inscriba en forma e prazo.

3.4. O alumnado deberá comprobar na súa secretaría virtual se o prezo público aplicado está realmente pagado. Este proceso concluirá cando o banco transfira a cantidade pagada á Universidade. O persoal examinador pode solicitar o comprobante do pago cando a matrícula non estea rexistrada correctamente.

3.5. A aplicación informática de matrícula estará activa durante todo o curso académico e pechará 7 días naturais antes do inicio de cada exame. Quedando prazas libres, a matrícula poderá abrir 2 días máis.

3.6. Cada quenda ten un número limitado de prazas. O número total de alumnado que se pode examinar no curso 2023/24 é a suma das prazas de cada quenda.

3.7. Ao facer a matrícula, e unha vez indicadas as opcións que recolle o punto 3.1, o/a candidato/a poderá escoller a data da súa preferencia de entre as que lle ofrezca a aplicación. Se para esa data xa se inscribisen tantas persoas como prazas houberse dispoñibles, o sistema non lle permitirá formalizar a matrícula dándolle a opción de inscribirse na **lista de agarda**. O alumnado tamén pode optar por matricularse noutra data.

3.8. A inscrición na lista de agarda non garante conseguir a praza solicitada. No caso de haber prazas liberadas por renuncias das persoas matriculadas e de haber tempo abondo para poder formalizar a matrícula, sempre que sexa tecnicamente posible, a

aplicación avisa ao alumnado rexistrado na listaxe de agarda por estrita orde de rexistro.

3.9. A persoa que teña aprobado o exame B1-A, B2-A de alemán, francés, inglés, italiano e portugués ou C1-A de inglés (que a habilita para a mobilidade internacional) e queira facer tamén o exame B1-B, B2-B ou C1-B (que lle permitirá acreditar ante a USC o nivel B1, B2 ou C1 completo), deberá facer unha segunda matrícula polo mesmo procedemento detallado nos puntos anteriores. Cada exame require unha matrícula e liquidación de prezos independente. Os exames B1 e B2 de galego e de español teñen unha soa matrícula.

3.10. A persoa que quixera presentarse ao exame B1-A, B2-A e C1-A de distintas linguas deberá facer matrículas sucesivas polo mesmo procedemento detallado nos puntos anteriores.

3.11. Os exames B1-A e B1-B, B2-A e B2-B, C1-A e C1-B teñen datas múltiples ao logo do curso académico. Non será posible matricularse en máis dunha data do mesmo exame antes de obter o resultado do exame anterior. A matrícula no exame tipo A é sempre anterior ao exame tipo B.

3.12. O CLM declina toda responsabilidade fronte ás matrículas realizadas para exames de distintas linguas en datas coincidentes.

3.13. Aquelas persoas que requiran algún tipo de adaptación de tempo e/ou medios para facer estes exames por algunha clase de impedimento físico ou doutra natureza deberán facelo constar no momento da matrícula, achegando o correspondente certificado.

3.14. O alumnado matriculado en calquera titulación oficial da USC tras esgotar no CLM da USC tres convocatorias do exame B1-A, B2-A ou C1-A ou tres convocatorias do exame B1-B, B2-B ou C1-B poderá solicitar o Apoio titorial extraordinario segundo a convocatoria correspondente publicada na páxina web do CLM da USC

<http://www.usc.gal/clm>

3.15. O reitor da USC poderá autorizar un 5.º exame excepcional, coa solicitude previa da persoa interesada dirixida ao clm@usc.gal e provista do visto e prace da dirección do CLM.

Cuarta. Dereitos de exame.

4.1. As tarifas da matrícula dos exames réxense polos prezos públicos aprobados polo Consello de Goberno e Consello Social da USC, consultables en :

< <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/sxeco/orc/tarifas> >. A matrícula inclúe a xestión administrativa, dereito á participación no exame, avaliación, revisión do exame no caso de suspenso e certificación.

Exame / Proba	Tarifa non USC en €	Tarifa USC en €
B1-A	15	10
B1-B	25	20
B2-A	25	20
B2-B	25	20
C1-A	30	25
C1-B	30	25
Exame de Idioma Español de nivel B1 completo	40	30
Exame de Idioma Español de nivel B2 completo	50	40
Exame de Idioma GALEGO de nivel B1 completo	40	30
Exame de Idioma GALEGO de nivel B2 completo	50	40

4.2. O prezo da matrícula deberá ser aboado nos prazos fixados no xustificante da matrícula. As formas de pago poderán ser mediante tarxeta, pasarela de pago ou en efectivo na entidade bancaria. Se non se realiza o pagamento no prazo establecido de

5 días naturais, a matrícula quedará automaticamente anulada. É responsabilidade do alumnado asegurarse de ter a matrícula pagada no prazo e forma antes de presentarse ao exame. Para reactivar a matrícula deben dirixirse a clm@usc.gal.

4.3. A alumna ou o alumno que non se presente ao exame despois de se matricular en tempo e forma e aboar o prezo correspondente, perderá a matrícula e unha das catro oportunidades de facer o exame.

En casos excepcionais, sempre por motivos de forza maior xustificadas e documentados (hospitalización), nun prazo de ata 5 días hábiles despois do exame poderase pedir a devolución da matrícula. A devolución deberá contar co visto e prace da Dirección do CLM. Logo de que se acepte a anulación da matrícula non correrá convocatoria e dará dereito á devolución do importe aboado.

4.4. Unha vez que se aboe a matrícula e ata 1 mes antes da realización do exame, poderase solicitar, por unha soa vez, a anulación da matrícula e a devolución do importe. Logo de que se acepte a anulación, non correrá convocatoria. Fóra deste prazo poderase anular a matrícula, pero non dará dereito á devolución do importe aboado, e correrá a convocatoria, agás no suposto 4.3.

4.5. Subvención do pagamento da matrícula. Dada a natureza de servizo universitario e a súa consideración de estudos propios e específicos diferentes aos de validez en todo o territorio nacional, non será de aplicación o réxime de exencións ou subvencións á matrícula que rexe para os estudos universitarios ordinarios.

Quinta. Calendario das probas.

5.1. Ambas as partes da proba, os exames B1-A, B2-A, C1-A e os exames B1-B, B2-B e C1-B, así como as probas B1 e B2 de galego e de español realizaranse regularmente ao longo do curso, variando a oferta de datas e prazas segundo a lingua da que se trate.

5.2. As datas dos exames B1-A, B2-A, C1-A, B1-B, B2-B e C1-B e B1 e B2 de galego e español serán publicadas na Secretaría Virtual (SV /SVA) da USC. Véxase o apartado 3.1.

5.3. En caso de necesidade, o CLM poderá convocar máis exames B1-A, B1-B, B2-A, B2-B, C1-A, C1-B, B1 e B2 ao longo do curso académico. O alumnado matriculado con antelación terá dereito á devolución da matrícula e a realización dunha nova matrícula na nova data, sempre que sexa posible ocupar a súa praza con novos/as candidatos/as, é dicir, se a devolución non se solicita en menos de 20 días hábiles antes da primeira data.

Sexta. Cualificacións e revisión.

6.1. A superación do exame de nivel de idioma require a superación de todas e cada unha das probas nas que se organiza. No caso de non superar algunha das probas dunha destreza concreta se entenderá que non se superou o exame para acreditar o nivel de coñecemento. A cualificación outorgada será de APTO / NON APTO / NON PRESENTADO, tanto no exame B1-A, B2-A, C1-A como no exame B1-B, B2-B, C1-B e B1 e B2.

6.2. As cualificacións serán publicadas na Secretaría Virtual da persoa examinada.

6.3. O exame B1-A, B2-A, C1-A será eliminatorio, de xeito que só poderán realizar o exame B1-B, B2-B ou C1-B aquelas persoas que sexan cualificadas como APTAS no exame B1-A, B2-A, C1-A correspondente.

6.4. O alumnado terá dereito á revisión do exame no prazo máximo de 10 días hábiles dende a comunicación dos resultados deste. Os días de revisión serán comunicados por correo electrónico.

6.5. O acto de revisión da proba é persoal non podendo ser realizado por terceiras persoas.

6.6. Contra a cualificación de cada proba de español e de galego poderá presentarse

reclamación no prazo de 3 días a partir da comunicación da mesma.

6.7. As reclamacións contra a cualificación dos exames deberán presentarse a través da sede electrónica da USC; tamén se poden adiantar a través do enderezo-e: clm@usc.gal.

6.8. No caso das probas B1 e B2 de galego e de español, finalizado o prazo de reclamación, o CLM dará traslado ao Servizo de Xestión Académica dos resultados do exame, aos efectos que procedan respecto da convocatoria xeral de matrícula nos estudos oficiais da USC e, no seu caso, a inscrición do resultado no expediente dos alumnos.

6.9. As cualificacións dos exames B1-A, B2-A, C1-A e B1-B, B2-B, C1-B, así como de B1 e B2 non teñen caducidade na USC.

Sétima. Certificacións.

7.1. A superación da primeira parte da proba, o exame B1-A, B2-A ou C1-A do proceso de acreditación lingüística de coñecementos do nivel B1, B2 e C1 segundo o MECRL, quedará rexistrada no expediente académico da alumna ou do alumno para os efectos da súa mobilidade.

Non se expedirá certificación ningunha polo exame B1-A, B2-A e C1-A superado ao ser este parcial.

7.2. A superación da acreditación do nivel B1, B2 e C1 completa, así como mediante os exames B1-A, B1-B, C1-A e B2-A, B2-B, C1-B, figurará nos expedientes académicos do alumnado de grao da USC e do resto da comunidade universitaria da Universidade, previa solicitude do/da alumno/a.

7.3. O certificado acreditativo da superación completa do nivel B1, B2 de galego e ELE segundo MECRL (ou a superación conxunta dos exames B1-A + B1-B, B2-A + B2-B, C1-A + C1-B que dará lugar á emisión da certificación do nivel completo B1, B2, C1), co selo de órgano e co código seguro de verificación, poderase descargar de balde dende a

Secretaría Virtual en versión trilingüe (galego, castelán, inglés).

Oitava. Créditos.

8.1. O alumnado que supere as probas completas de niveis B1, B2 ou C1 segundo o MECRL poderá solicitar na USC os créditos ECTS correspondentes (B1: 3, B2: 4, C1: 5), baseándose na acreditación do coñecemento de lingua estranxeira segundo a normativa vixente de aplicación na USC (Acordo do Consello de Goberno sobre o recoñecemento de idiomas no título de grao, aprobado o 28 de maio de 2019).

8.2. A acreditación do nivel B1 ou B2 solicitada despois de ter aprobado o exame B1-A ou B2-A e realizada satisfactoriamente unha estadía do programa Erasmus+ non da dereito a obter créditos ECTS e tampouco da dereito á certificación na USC.

Novena. Información e atención ao alumnado.

9.1. A difusión desta convocatoria farase polas seguintes canles: taboleiro de anuncios electrónico da USC na sede electrónica, webs da Oficina de Información Universitaria OIU nos Campus de Santiago e Lugo <<http://www.usc.gal/oiu>> e na páxina web do CLM da USC <<http://www.usc.gal/clm>>.

9.2. Toda a información complementaria dispoñible sobre as probas e o seu formato será publicada na páxina web do CLM no enderezo < <http://www.usc.gal/clm> >.

9.3. No caso de ter problemas técnicos na Secretaría Virtual do alumnado, as consultas deberán dirixirse por correo-e ao Centro de Atención aos Usuarios da USC cau@usc.gal, ou por teléfono á ext. 55555.

Décima. Protección de datos e recursos.

10.1. De conformidade coa lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e co Regulamento UE 2016/679, os datos obtidos serán incorporados pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) no

tratamento “Xestión académica e alumnado” coa finalidade da xestión dos procesos de acceso á Universidade, de matrícula, de continuación de estudos, traslados, xestión de expedientes académicos do alumnado da universidade e dos seus egresados en todos os títulos oficiais e propios, así como a tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, e todas as actividades que se incluían na xestión académica administrativa.

10.2. O responsable de dito tratamento es la Universidade de Santiago de Compostela, cuxos datos de contacto son Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela, correo electrónico: protecciondatos@usc.gal

O correo electrónico do Delegado de Protección de Datos é dpd@usc.gal

A base de xustificación deste tratamento é o consentimento expresado polas persoas interesadas e, nalgúns supostos, as previsións contempladas na Lei Orgánica de Universidades e na Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia.

Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigas legais.

As persoas interesadas poden exercer ante o responsable dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade. Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que considere oportuna.

10.3. Os datos serán conservados durante o período no que se realice a finalidade para a que foron recollidos, ou o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais. Cumprida a finalidade, os datos se bloquearán ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables.

A política de protección de datos persoais da USC pódese consultar en <http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html>

10.4. A responsabilidade sobre o tratamento correspóndelle á Universidade de Santiago de Compostela, e mediante un escrito poderá dirixirse á Secretaría Xeral desta universidade para exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, limitación, portabilidade, esquecemento e oposición, conforme aos modelos que figuran en <https://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/index.html> e que poderán ser exercidos dende a Sede electrónica da USC.

10.5. As solicitudes asinadas polo alumnado e o procedemento de matrícula implican aceptar as bases da convocatoria, que todos os datos que se incorporaron se axustan á realidade, e que no caso de requirir documentación complementaria doutras administracións ou a súa verificación, autoriza á USC a obter a información necesaria para a tramitación da súa solicitude. Así mesmo, poderá manifestar a súa conformidade para recibir notificacións telemáticas mediante a comparecencia na sede electrónica.

Undécima. Seguro.

Agás as persoas matriculadas que realicen todas as actividades matriculadas en liña sen presencialidade nos centros da USC, todas as persoas, nacionais ou estranxeiras, que non estean cubertas polo seguro escolar obrigatorio do INSS, por non ter formalizada matrícula en estudos oficiais na USC no curso académico 2023-24 ou ben, sendo alumnos/as da USC neste curso 2023-24 son de nacionalidade estranxeira ou nacionais maiores de 28 anos e non teñan contratado este seguro nos estudos nos que formalizaron matrícula, deben subscribir o seguro obrigatorio de accidentes e asistencia en viaxe que terá un custe de 17,50 €. Tamén o alumnado procedente do ensino secundario deberá subscribir este seguro de accidente e asistencia en viaxe que cubra os riscos derivados da súa actividade académica, establecido como obrigatorio polo Acordo do Consello de Goberno de 26 de xuño de 2009 e polas actualizacións posteriores.

< https://www.usc.gal/gl/servizos/oiu/seguro_escolar.html >

Duodécima. Impugnación.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Porén, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no

prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non haxa resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O REITOR
P. D. de competencias, R.R. do 21 abril 2022 (DOG 26 abril 2022)
O Xerente
Javier Ferreira Fernández

ANEXO I

NORMAS BÁSICAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS

- Durante a realización do exame escrito deberá haber como mínimo un espazo baleiro entre cada dúas persoas.
- Enriba das mesas non poderá estar depositado ningún teléfono, libro, carpeta ou caderno.
- O exame escrito farase a bolígrafo ou pluma, en tinta azul ou negra. Non se admitirán exames escritos con lapis nin en tintas doutras cores.
- Os teléfonos móbiles e aparatos dixitais deberán permanecer apagados en todo o momento.
- Ninguén poderá erguerse durante o exame escrito para lle facer unha pregunta á persoa responsable do exame: a persoa deberá erguer a man e será alguén do profesorado responsable quen se achegue para aclarar as posibles dúbidas.
- Está terminantemente prohibido falar entre as persoas candidatas durante a realización dos exames.
- Non se permitirá a entrada para a realización dos exames unha vez que estes comezasen.
- Quen incumprir calquera das normas anteriores, ou quen for sorprendido/a copiando durante o exame escrito, deberá entregar inmediatamente o seu exame e abandonar a aula. O seu exame non será cualificado e perderá a convocatoria correspondente.
- As persoas candidatas ao exame deberán permanecer sentadas ata que a persoa responsable do exame o indique; deberanse entregar a folla de respostas e as follas de preguntas segundo indique o persoal que administra o exame.
- As respostas escribíranse na folla de respostas, marcando cun "X" a que se considere correcta. O procedemento e as indicacións concretas daranse antes do exame escrito.

ANEXO II

INDICACIÓNS PARA MATRICULARSE NAS PROBAS DENDE A SECRETARÍA VIRTUAL (SV) DA USC

Para matricularse, o persoa accede ao menú de Actividades da SV, e ao premer no apartado "Oferta", selecciona o tipo de actividade.

No caso de querer examinarse de alemán, francés, inglés, italiano e portugués debe premer en: Exames e Probas de Competencia Lingüística B1, B2, C1 (CLM).

No caso dos exames e probas de competencia lingüística PCL se lle mostra a listaxe das actividades con prazo aberto ou futuro e selecciona a que lle interesa. So aparece a ligazón de "Matricularse" se o prazo está aberto.

O texto en cor verde na aplicación explica os requisitos para poder matricularse nas probas.

No caso de querer examinarse de galego ou de español, debe premer en: Exames de nivel ELE / GALEGO (CLM).

Para matricularse a persoa lle dá ao botón, e en caso de cumprir os requisitos, se matricula na actividade.

Se a persoa satisfai os requisitos, nese momento se lle enviará dende a aplicación unha mensaxe automatizada de aviso coa información de que está matriculada na actividade.

Ata que non pague a matrícula non terá a matrícula formalizada na USC. No caso de que a persoa non pague a matrícula nos 5 días seguintes, a matrícula se lle anula automaticamente.

Se desexa reactivar a matrícula anulada, contacte con clm@usc.gal e segue as indicacións recibidas.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 29/06/2023 14:18:39.

CSV: A94C-8C21-4AC4-B750